

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA UNIVERSITARIO DE MAIORES, IV CICLO, NO EXERCICIO 2023

MEMORIA EXPLICATIVA E ECONÓMICA

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social polo que, na súa virtude, se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A Consellería de Política Social e Xuventude é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de asistencia social, conforme ao Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica. Correspóndelle á dita consellería propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito do benestar que engloban, entre outras, as competencias en materia de servizos sociais incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.

A Universidade de Santiago de Compostela é unha entidade pública dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio, que goza de autonomía, de acordo coa Constitución e a lei, a quen corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior, mediante a investigación, a docencia e o estudo. Son funcións da universidade ó servizo da sociedade, entre outras, a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura, a preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para a creación artística e especialmente a difusión do coñecemento e a cultura a través da extensión universitaria e a formación ó longo de toda a vida, dispoñendo da experiencia, capital humano e medios axeitados para desenvolver os fins que se pretenden con este convenio.

A Consellería de Política Social e Xuventude e a Universidade de Santiago de Compostela consideran de interese que as persoas maiores, debido ó aumento da esperanza de vida e que a meirande parte delas gozan de boa saúde, poidan compartir coa sociedade as súas experiencias e ó mesmo tempo acadar novos coñecementos. De igual forma recoñecen a necesidade de crear e potenciar as actividades educativas, culturais e formativas que faciliten ás persoas maiores o seu desenvolvemento persoal e social. Para alcanzar esta finalidade, cómpre establecer mecanismos axeitados para a realización de accións concretas e obter a maior eficacia.

Tendo en conta, por unha banda, a especificidade das características da actividade que se vai financiar por razón do colectivo ó que vai dirixida, por outra, a ausencia de entidades alternativas no ámbito territorial de aplicación que expidan títulos universitarios e que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles e a súa adecuación ó ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude, conforme ao previsto



no Decreto Decreto 124/2022, do 23 de xuño, considéranse razóns que acreditan o seu interese social e queda xustificada a imposibilidade de promover a concorrencia pública en aplicación do artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Universidade de Santiago de Compostela para favorecer e permitir o desenvolvemento das actividades previstas dentro do Programa Universitario de Maiores, IV Ciclo, que forman parte do seu plan de estudos dende o curso académico 2016-2017.

As actuacións previstas dentro do Programa Universitario de Maiores, IV Ciclo son as seguintes:

a) Actividades formativas no plan de estudos para o IV Ciclo do ano 2023, para a obtención do Diploma Sénior IV Ciclo, que comprende 67 materias de carácter optativo e que a continuación se relacionan destinadas aos 512 alumnos/as matriculados/as nesta edición, impartidas con carácter anual ou cuadrimestral por un total de sesenta docentes responsables que participan no programa:

1º. No Campus de Santiago de Compostela impártense 38 materias que comprenden: Historia da cultura de Galicia, Informática básica, Iniciación á bioloxía humana, Xeografía de Galicia, A política hoxe, Historia da medicina e da ciencia, Literatura española contemporánea, Aprendizaxe emocional e benestar, Patrimonio bibliográfico e documental, Fundamentos de dereito, Medioambiente, Astronomía, Educación intercultural, Historia da arte de Galicia, Actividade económica e empresa, Comunicación xornalística, Nutrición, Fundamentos de Bioquímica humana, Introducción á zooloxía, Literatura galega contemporánea, Historia da Arte de Compostela, Medicamentos, Introducción á ópera, Invitación a un Concerto: educación pola Música, Enerxía, Materia e Vida, Informática avanzada, Historia da pintura, Historia do pensamento, Historia medieval de Galicia, Historia da Lingua Galega: do Nacemento á Normalización, Compostela e Europa: historia medieval, Os insectos: Amigos ou inimigos?, Crer na Galiza moderna, O Camiño de Santiago, Historia Medieval de Galiza, As xentes do común na historia social da Galia contemporánea, Criminoloxía e política criminal, nivel básico, Actividade física saudable.

2º. No Campus de Lugo impártense 29 materias que comprenden: Territorio e paisaxe, Literatura galega, Educación ambiental e cultura da sostenibilidade, Historia da cidade de Lugo I, Informática, Biodiversidade e conservación, Alimentación saudable: relación da saúde e a enfermidade coa alimentación, Zooloxía aplicada, Historia contemporánea de España, Botánica forestal e ornamental, Fundamentos básicos de psicoloxía, Cultura e paisaxe, Fisioloxía e saúde, Historia de Europa, Introducción ao patrimonio cultural, Agricultura a pequena escala: presente e futuro, Astronomía básica, Historia da arte, Xeografía do mundo, A ópera dos s. XVIII-X: teatro e cine, Historia da cidade de Lugo II, Astrofísica e cosmoloxía, Temas actuais de economía, Intelixencia emocional e crecemento persoal, Riscos naturais, Introducción ao patrimonio cultural II, Relixións e cultura en Europa, Actividade física saudable.

3º Así mesmo, neste curso dirixírase dous traballos Excelsor dende as áreas de ciencias da



educación e historia da Arte. Rematados os traballos defenderase ante un tribunal, como indica a convocatoria de dito traballo para a obtención do Diploma Excelsor.

Os docentes responsables da actividade docente son un total de sesenta, e participan no programa impartindo as súas materias cun carácter anual ou cuadrimestral.

b) Seminarios no Campus de Santiago de Compostela:

- 1º. As orixes do culto xacobeo: historia e lenda (2, 3 e 10 de febreiro)
- 2º. Xerodontoloxía: a saúde bucodental (13, 14 e 15 de febreiro)
- 3º. Alfabetización dixital básica para os cidadáns dixitais (17, 23, 27 e 28 de febreiro)
- 4ª. A pesca sustentable: beneficios para a saúde e o medio ambiente (6 e 7 de marzo)
- 5º. Tendendo pontes. Diálogos culturais entre México e España (9, 14 e 16 de marzo)
- 6º. Mellorando a alfabetización dixital dos cidadáns dixitais (20, 22, 27 e 29 de marzo)
- 7º. Os primeiros castelos de Galiza: a chegada do románico (13, 14 e 20 de abril)
- 8º. A historia interesa (17, 18, 24 e 25 de abril)
- 9º. A fortaleza de a Rocha forte. Castelo, sociedade e poder na Compostela medieval (19 e 21 de abril)
- 10º. O Radón: realidade e mitos (5 e 8 de maio)
- 11º. A arte invisible: mulleres pintoras, escultoras, arquitectas... contexto histórico-artístico (9, 10, 11 e 12 de maio)
- 12º. Etnografía e cultura galega no centenario do seminario de estudos galegos (25 e 26 de maio)
- 13º. A Europa das revolucións II: economía, sociedade, cultura e guerra 1789-1919 (16, 23, 30 de maio e 6 xuño)

c) Seminarios no Campus de Lugo

- 1º. De Petra a Xerusalén: ás dúas beiras do Mar Morto (6, 8, 13 e 15 de febreiro)
- 2º. As relacións interartísticas da fotografía. Fotografía, literatura, arquitectura e mito (2, 9, 16, 23 de marzo)
- 3º. Clima e paisaxe (17, 18 e 24 de abril)
- 4º. O xardín ao longo da historia (9, 10 e 11 de maio)

Os seminarios son espazos de formación permanente dirixidos aos alumnos do Programa Universitario de Maiores pero tamén a toda a poboación de máis de 50 anos. As prazas adxudícanse por orde de inscrición e sempre terán prioridade os estudantes do Programa, polo que son actividades formativas que non forman parte do Plan de Estudos para acadar o título do Diploma Senior pero si son actividades formativas complementarias nas que se poden inscribir alumnos/as que non están matriculados/as no IV Ciclo

d) A Asociación Estatal de Programas Universitarios para Mayores (AEPUM), é unha asociación sen ánimo de lucro e de interese universitario constituída por universidades públicas e privadas, así como por outras entidades con personalidade xurídica que



pretende entre os seus fins a formación universitaria para maiores. A Asociación impulsa o fomento e desenvolvemento do diálogo e comunicación entre Universidades, Administracións Públicas e entidades privadas fomentando a cultura, o empoderamento do maior e a busca de solucións para a satisfacción das necesidades formativas dos mesmos. Paralelamente, a AEPUM actúa como centro de información e asesoramento interuniversitario para os Programas de Maiores, adaptándose nas súas actuacións aos principios de autonomía, participación e relación co contorno. A USC segue a ser socio fundador da Asociación Estatal de Programas Universitarios para Maiores (AEPUM) que se constituíu no ano 2003, asociación da que forman parte a maioría das universidades españolas públicas que teñen este tipo de programas (na actualidade 47 universidades). A universidade de Santiago ten o compromiso de asistir as reunións de traballo que se programan así como aos congresos e xornadas que organizan, ocupando actualmente a presidencia na directiva de dita entidade.

Segundo o orzamento emitido pola entidade, a necesidade de financiamento estimada para o desenvolvemento do citado programa é de 65.000,00 € segundo o desglose seguinte:

ACTIVIDADES DO PROGRAMA UNIVERSITARIO DE MAIORES IV CICLO		
PARTIDAS E TIPOLOXÍA DE GASTOS	ORZAMENTO 2023	PARTE SUBVENCIONABLE
AEPUM 2023	1.200,00€	0€
ACTOS ACADÉMICOS Actividades ligadas á divulgación e valorización do programa, incluíndo publicidade, conferencias, inicio e peche das actividades académicas e similares	1.000,00€	0€
DOCENCIA (teórica e práctica):	60.300,00€	31.500,00€
• Retribución PDI USC	36.000,00€	13.500,00€
• Retribución docentes externos	24.300,00€	18.000,00€
SECRETARÍA (material funxible, teléfono, correspondencia)	2.500,00€	500,00€
TOTAL	65.000,00€	32.000,00€

O orzamento presentado pola USC corresponde a execución das actividades obxecto deste convenio.

A Consellería de Política Social e Xuventude achegará para o financiamento do Programa Universitario para Maiores, IV Ciclo durante o exercicio 2023 un total de trinta e dous mil euros (32.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 13.05.312E.444.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

A Universidade de Santiago é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á



administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución de actividades ata o 60% do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio, para a debida execución das actividades programadas

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos de natureza corrente efectivamente realizados para o desenvolvemento das actuacións obxecto deste convenio xerados no ano 2023. A estes efectos, consideraranse gastos subvencionables os previstos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Respecto ao pagamento efectuarase un pagamento do 49 % da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación. O 51% restante farase efectivo unha vez rematadas e xustificadas todas as actividades do programa a subvencionar a través deste convenio .

A previsión do anticipo faise tendo en conta a necesidade financeira da Universidade de Santiago de Compostela para a execución do proxecto. Xa que o importe do anticipo previsto non excede dos límites previstos no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, non é preciso autorización polo Consello da Xunta.

Na Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, está previsto crédito axeitado e suficiente para poder dar cobertura económica ós compromisos contraídos en virtude deste convenio.

A entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e a súa duración será ata o día 31 de decembro de 2023 tendo efectos dende o 1 de xaneiro do presente ano. A Consellería de Política Social e Xuventude, unha vez asinado o convenio aceptará na acreditación dos gastos os que se realizaran para o desenvolvemento das actividades comprometidas antes da sinatura deste convenio, sempre que se emitiran no exercicio orzamentario corrente e amparen as actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela
O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria
Antonio Acevedo Prado

